



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 20 de novembro de 2024.

Asunto: Nomeamento tribunal selección e datas do proceso selectivo dos postos de dirección, persoal docente, administrador/a e persoas traballadoras participantes no Obradoiro Dual de Emprego “O Castro X”.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (D.O.G. número 38, do 22 de febreiro de 2024).

Visto o Convenio de colaboración entre os Concellos de Castroverde, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Ribeira de Piquín para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro Dual de Emprego, por medio do cal se designa ao Concello de Ribeira de Piquín como promotor do proxecto de Obradoiro dual de emprego.

Vista a Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se concede unha subvención ao Concello de Ribeira de Piquín para a realización do proxecto do Obradoiro dual de emprego denominado “O Castro X” para 20 alumnos/as traballadores/as.

Examinada a documentación que obra no expediente e de conformidade co establecido na Orde do 7 de febreiro de 2024, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección do Director/a, Persoal Docente, Administrador/a e persoas traballadoras participantes no Obradoiro Dual de Emprego “O Castro X”:

Presidenta: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Noelia Seco López, Traballadora Social do Concello de Riotorto (Lugo).

Secretario: O Secretario-Interventor da Corporación, D. Juan Hernando Rosa Ruíz, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o mércores día 11 de decembro de 2024, ás 09:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira





Concello de Ribeira de Piquín

de Piquín, aos efectos da constitución do tribunal.

SEGUNDO.- Sinalar as datas de celebración dos procedementos de selección de un/unha director/a, tres docentes, un/unha administrador/a e vinte (20) alumnos/as-traballadores/as participantes no Obradoiro dual de emprego "O Castro X", e que serán as seguintes:

- DIRECTOR/A: Entrevista e valoración de méritos - Día 11 de decembro de 2024, ás 09:30 horas.
- PERSOAL DOCENTE: Entrevista e valoración de méritos - Día 11 de decembro de 2024, ás 10:30 horas.
- ADMINISTRADOR/A: Entrevista e valoración de méritos - Día 11 de decembro de 2024, ás 12:30 horas.
- ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS: Entrevista e valoración de méritos - Día 12 de decembro de 2024, ás:
 - 09:00 horas para alumnos/as-traballadores/as do módulo que se vai impartir en Ribeira de Piquín.
 - 10:30 horas para alumnos/as-traballadores/as do módulo que se vai impartir en Riotorto e A Pastoriza.
 - 12:30 horas para alumnos/as-traballadores/as do módulo que se vai impartir en Castroverde e Pol.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 20 de novembro de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE